

GCiencia

xornalismo+divulgación



O personal do Cinbio na xornada de avaliación.

O CINBIO de Vigo superou os 200 millóns en contratos en tres anos

O Centro de Investigacións Biomédicas fixo 550 publicacións e creou cinco spin-offs dende 2016

Por

[Redacción](#)

-

22/03/2019

213 persoas integran a día de hoxe o **Centro de Investigacións Biomédicas**, Cinbio, un centro singular de investigación, que botou a andar no ano 2009 e que hoxe, unha década despois da súa creación, reuniu ao seu persoal no seu primeiro **encontro anual**, co obxectivo de facer balance, coñecer o traballo dalgúns dos grupos de investigación que o integran e premiar a, neste caso, á investigadora **Ana Sousa** pola publicación do artigo con maior índice de impacto IF 2018.

“É un día de festa, de **encontro persoal** do centro e que queremos que teña continuidade. Un día para todos, para poñer cousas en común e recoller opinións, co obxectivo de seguir progresando, coñecernos mellor, tender pontes entre os grupos e sobre todo entre o alumnado pre e postdoc”, explica **África González**, directora do Cinbio.

Precisamente foi a catedrática de Inmunoloxía da **Universidade de Vigo** a encargada de facer balance da traxectoria do Centro de Investigacións Biomédicas desde o seu nacemento ata a actualidade e fixar algúns obxectivos, que considera que o **Cinbio** debe afrontar, como acadar o financiamento que outorga a Xunta para asegurar a súa continuidade como centro singular de investigación de Galicia ou a necesidade de incrementar a colaboración dos grupos do centro coas empresas.



Ana Sousa recibiu un galardón polo artigo máis citado.

González foi a primeira en tomar a palabra neste encontro no que **Mercedes Peleteiro**, responsable do Servizo de citometría, foi a encargada de detallar a actividade e equipamentos cos que contan os cinco servizos que integran na actualidade o **Cinbio**, á espera da entrada en funcionamento en breve do Laboratorio de contención biolóxica nivel 3.

Pola súa banda, os investigadores **David Posada** e **Herminia Domínguez** detallaron o traballo que desenvolven no Laboratorio de Filoxenómica

e no Grupo EQ-2, respectivamente, mentres que **Yolanda Diz** e **Gustavo Bodelón** achegaron ás e aos asistentes á xornada a súa experiencia como investigadores emerxentes. Tras a celebración dun espazo para a posta en común de ideas, a sesión finalizou coa entrega a Ana Sousa do premio ao artigo orixinal con maior IF 2018.

Tras lembrar o seu inicio no ano 2009 e a importancia que para o desenvolvemento do centro tivo a concesión do proxecto europeo **Biocaps**, África González repasou as grandes cifras do Cinbio, “que se estableceu cunha base multidisciplinar, **colaborando con hospitais** e con algunhas áreas únicas en Galicia, coa misión de crear e transferir coñecemento e innovación no ámbito biomédico, baixo un enfoque colaborativo e multidisciplinar”, lembrou a directora.

213 persoas, das que 120 son mulleres e 93 homes, traballan a día de hoxe no **Centro de Investigacións Biomédicas**, que xerou entre os anos 2016 e outubro de 2018 un total de 552 publicacións, cun ratio de 13 publicacións de media ao ano e un factor de impacto acumulado de 2352 e un factor de impacto medio de 4,62.

O **financiamento** acumulado entre 2016 e 2018 ascendeu a máis de 20 millóns de euros e o número de patentes e software, durante ese período, ascendeu a 27. En canto aos proxectos activos, no ano 2018 eran 55, tres máis que en 2017 e nove máis que en 2016.

“Nestes tres anos desenvolvéronse ademais **cinco spin-off** e é difícil crear máis nun centro como o noso, pero amosa que temos xente innovadora e con ganas de desenvolver empresas”, explicou González, que tamén destacou na súa exposición a recente consecución do **certificado ISO 9001** nos servizos de Bioexperimentación, Citometría de fluxo, Bioloxía molecular, Histoloxía e Microscopía e Interaccións moleculares, que conforman o Cinbio.

Ademais dos traballos de investigación que o centro desenvolve nas súas cinco **liñas de traballo principais**: cáncer, inmunidade e inflamación, neurociencias, biosaúde e obesidade e as transversais: bioestatística/bioinformática e novos métodos de prevención diagnose-terapia, a

directora do Cinbio lembrou as actividades que o seu persoal tamén leva a cabo no ámbito da divulgación coa celebración de xornadas de **portas abertas** e actividades como Pint of Science.